

## Odiseas. Libro de aventuras

**Sechu Sende**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

SENDE, SECHU (2011 [1998]). *Odiseas. Libro de aventuras*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/386>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

SENDE, SECHU (1998). *Odiseas. Libro de aventuras*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

\* Edición dispoñible desde o 15 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.



# Odiseas

## Sechu Sende





# Odiseas

## Sechu Sende



Odiseas. Libro de aventuras

© Sechu Sende

Letras de Cal

Ilustración:  
Juan Vidales Pousa

Edita:  
A. C. Amaía  
Apdo. 142, Compostela  
Galiza, novembro 1998

Imprime:  
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-6-0  
D. L.: PO-106/98

A ti, serea no meu ombro



*O proxecto da miña vida estaba esgotado,  
ou seica aínda non comezara*

(Xan Castro Huerga)



# I

## A luz

A luz que me ilumina  
e o ruído que deixan as illas  
e unha muller  
e ir a cabalo  
e a humidade  
e o meu país  
e nos meus ollos só pon as mans  
a muller que amo  
como labrar a terra  
e desde lonxe  
pero desde moi adentro miña  
un lume que me aquece  
e falarmos de ter un fillo  
e do último verán  
e vir andando  
e lavar-me nas fontes  
e no tempo das lavandeiras brancas  
e teño a idea  
de lle dar a ela un caravel vermello  
e ela vai e dá-me un bico  
e o azor vén  
a praia de Arnela comeza en ti  
e agora  
e a luz prendida  
e o facho na man  
para seguir buscando  
que levar ao corazón

e un home andando un dia  
e unha muller un lume  
un vento un dia  
a luz que alumea  
mais aló  
e adentro de todas as cousas  
e vou na dirección das pradairas  
de Irlanda  
e estou con vós  
e cos paxaros  
e o azor vén  
e penso en devorar-te  
a ti  
e desordenar as pedras  
os cursos dos rios  
que levas dentro  
meu amor  
as tuas águas  
e fago un siléncio  
porque escoito cantar  
a homes e mulleres  
nenas e nenos cantar  
e saúdo-vos  
e escoito o mar  
e o nome do meu país  
e vou e dou-lle un caravel vermello a ela  
e ela dá-me un bico  
e súa nai sorri na xanela  
e leo un poema de Méndez Ferrin  
e deito-me  
e fago-che un lugar entre as sabas  
e un lume é un lume

e a História todos os ceos  
e deixar pasar  
ir sentindo os rios da felicidade  
entre os dedos  
a luz

## II

Adriano chegou á sua casa de madrugada e encontrou unha máquina escavadora amarela no salón, co motor prendido.

Vivia nun sexto piso. E subira cun antílope branco no ascensor. El bocexa, pechan-se-lle os ollos. Parece que só lle importa que ten moito sono.

Pero agora acaba de acordar-se de que vén de facer-lle o amor a unha muller de ollos fantásticos nunha selva, e de que a ama.

Mira para as suas mans.

Olla a máquina e semella mirar con outros ollos o salón.

Volve mirar as suas mans.

Deu-se conta.

E vai apagar o ruidoso motor da máquina escavadora porque no último momento soubo que no seu dormitorio pode haber unha balea ou estar el mesmo durmindo.

Agora abre a porta da casa moi despacio e silenciosamente, para non espertarse.

E marcha para mais nunca regresar.

Ou esa é a sua intención.

### III

Ela pasaba por diante da miña casa e detivo-se ao ver o xílgaro negro na xanela, dixo. Dixo que se chamaba Lucrécia e que se lle permitia ve-lo mais de perto, por favor. Os seus ollos eran asombrosos. Tan negros. É que eu coleccciono aves, dixo aquela muller. E meteu a man esquerda na gaiola e colleu entre os dedos o xílgaro negro e levou-no aos ollos grandísimos -era como se medrasen- e meteu o paxaro na profundidade do ollo derecho, como deixando caer agua sobre agua. Logo sorriu-me, deu-me un bico pequeno cos lábios fechados e dixo Gardo-os nunha selva. Despois, deixando-me a casa como baleira e o peito deserto, marchou.

IV

## Portugal

Ás veces se escoito a palabra Portugal,  
Portugal é a luz dun cuarto  
á sombra do verán mais limpo,  
os nosos corpos despidos, fortes  
abrazos fatigados polas viaxes.

Eu pensaba que no noso cuarto  
comezaban e acababan todas as viaxes;  
como se a viaxe de regreso  
de Lisboa a Aveiro, por exemplo,  
fose o inicio doutra viaxe  
ao centro dos nosos corpos.

Pero nen na Whisqueria  
de Joaquim João Silva Fonseca Pereira,  
en Coímbra,  
nen no barco que nos levou á nosa primeira illa,  
nen o último dia na estación de trens

de volta a Galiza,  
nos demos conta de que todas as viaxes  
eran a mesma viaxe  
que nos conducia unha e outra vez  
á nosa habitación,  
onde eu via nacer o verán cada dia  
entre as sabas, o teu corpo durmido  
e todas as formas de mirar a luz

Soubemos gardar un país dentro da nosa cama.

Dentro da nosa cama, o mar,

frutas, licor de guindas, quioscos,  
os sambas selvaxes da Casa do Brasil,  
un paxaro entrando nunha illa,  
ou nun neno ou nun tranvia de Lisboa.

E por iso ás veces se escoito a palabra Portugal,  
Portugal está dentro do pequeno mundo  
daquel cuarto,  
dentro de todas as formas,  
-todas as formas de mirar a luz-  
das palabras, dos ruídos da cama,  
dos nosos peitos perseguinto-se  
pero amarrados os brazos,  
no principio da viaxe interminábel  
ao centro  
ao centro dos nosos corpos.

## On the Road

Ti conduce, Cynthia, e eu fecho-lle os ollos  
ao sol, á velocidade, á viaxe. Sei  
que os abro para buscar algo no horizonte:  
Nada. Entón entra-me no folgo ese vento,

ese aire do desexo das novelas, dalguns poemas  
ou das películas porno, e miro-te de esguello.

Ti conduce, Cynthia, pero dás-te conta  
e sabes o que vai suceder porque ti es sábia

e es como os animais. Buscas-me de esguello  
coas tuas próprias detonacións de angústia  
e dis: Agora imos facer História.

Case non reduces a velocidade e pasas a conducir  
só coa man esquerda. Nos nosos cóbados,  
unha sombra de luz aparece e desaparece,

o equilibrio do mundo balancea-se.

DO CERVO AO CORVO  
O OCO DUNHA COLLER

## Bicéfalus

Viaxando en dirixíbel  
navego en solitário  
arredor do mundo.

Guian-me os soños e os pesadelos,  
guia-me a búsola oxidada  
de Xosé o Viaxeiro. Ser dous  
é a miña maldición;  
o meu camiño, a bifurcación.  
Busco a babor a paz,  
o terror, a estribor.

E para todas as cousas teño dous nomes:  
o meu dirixíbel: Hoxe e Moby Dick;  
o meu peito: Peito e Penélope.

A miña viaxe levou-me aos volcáns,  
ao Leviatán, afora do tempo,  
ao interior dos homes e dos animais,  
e o oráculo de Tebas anunciou-me  
que no embigo dunha muller  
encontraría o número de ouro,  
o equilibrio, o amor.

«O seu nome é Cynthia de Santa Lucia».

Mirei-me no espello sen espello  
duas veces,  
lembrei que os poetas falaran dela,  
Propércio, Derek Walcott,  
e collin o leme de Moby Dick  
-rumo ás Antillas-

como o home primitivo,  
a machada amigdaloide.  
Con sede de amor  
e de morte no mesmo corazón  
cheguei a Cynthia,  
Cynthia, veño polo teu amorete.  
Ela non soubo en que ollos  
deitar o medo e o noxo,  
Monstro, berrou.  
Subi-na a bordo,  
Debo matar-te, dixen eu,  
E eu debo evitá-lo, dixen eu.  
Subi-na a bordo, digo,  
e axeonllei-me:  
Decapita-me, roguei  
e dei-lle a espada.  
Pero saltei sobre Cynthia  
e biquei-lle os ollos  
e arrinquei-lle os lábios de vez,  
amando-a e odiando-a a un tempo.  
Bicéfalos, berraba o meu peito  
ensanguentado, nunca  
poderás amar, Bicéfalos,  
aprende na dor a ser  
un monstro  
pois naceches con duas cabezas,  
duas bocas e catro ollos;  
duas formas de ollar  
na tua única sombra eterna.

## VIII

### Milésima tristeza

Pregunto-me por que me desfago.

As palabras que me faltan,  
de que son síntoma?

Pregunto-me pola miña ás veces morte  
de tristeza,  
de tristeza de formiga,  
de tristeza de catapulta,  
de tristeza de peixe voador,  
de tristeza de culler,  
de tristeza de illa e  
de non poder,  
non poder mais.

Pregunto-me por que me estou desfacendo,  
se invento

ou esaxero básculas, insectos e lobos,  
eu, que realmente son un home feliz  
en todas as direccíons,  
excepto dentro da miña sombra;  
eu, que amo e me aman;  
que coñezo unha felicidade de rio,  
de volta ao mundo en dirixíbel,  
de cervo en cio,  
de búsola,  
de luz e forza  
no pulso da vida e  
aproveito este momento  
para sorrir-te a ti, meu amor,

que ás veces me dis meu amor  
e ás veces te desvestes.

Pero,  
como dicia antes,  
por que  
esa tristeza millonésima,  
mortal  
ou milésima tristeza  
dentro  
?

*Ay, triste del que un día en su esfinge interior  
pone los ojos e interroga. Está perdido.*

Rubén Darío

## IX

E pensando no amor  
pola forma das tesouras de podar.  
A Morte, a miña anatomía de néboa.  
O tempo pasa,  
e penso na sombra das sombras  
e fugazmente de vagar  
a luz atravesando o cristal  
e toda clase de bichos mortos.  
Despois a força do fouciño  
na manobra de segar  
contra min, por dentro,  
e o equilibrio do explorador na curva,  
no corvo, no camiño,  
e a vida vai,  
a vida, pensar, vai pasando.

# X

Carlos a Carmen abraza  
e viceversa  
e neste dia estou só e canso  
como unha canteira de noite,  
ai, como un brillo gris  
no lagarto en flor.  
Podo abrir un libro,  
escoitar-me pensar ou nacer  
ou golpear-me co ruído do ruído,  
ai, ou golpear-me  
                        con Patrícia tiritando de frío.

Pero  
pero entón  
temo o meu horizonte de siléncio,  
ai, como un medo profundo de espeleólogo,  
e no instante en que temo o temor  
temo a loucura,  
Santi mira o río,  
Cristina nada,  
Carmen a Carlos abraza  
e viceversa.

## A sombra baleira

Era unha vez un home triste, solitário e silencioso que... -era tan silencioso que el era o único que sabia o seu nome- digo, era unha vez un home triste solitário e silencioso que vivia no armario do meu cuarto.

Lembro, por exemplo, que ao ir collar eu unha camisa ou os calcetins case sempre era que me encontraba con el e, cando non durmia, cos seus ollos abertos e grandes como paxaros. Nunca o vin temeroso, nen sequera sorprendido, cada vez que eu abria as duas portiñas do seu lugar, a violar a sua intimidade. El ia ao seu, ali adentro engruñado.

Eu daba-lle os bos dias e el baixaba os ollos ou metia a cabeza entre os ombros, sobre o peito; ou as boas noites. E el nunca me falaba, estaba aí, ia ao seu, sen facer mal.

Sempre estaba tan triste como alguén que non deixa de dicir adeus.

Nen lembro o dia que o descubrin. Un dia apareceu, como se aquel fose o seu lugar, un dia calquera.

E se el durmia, eu poñía todo o coidado do mundo, moito sixilo, en desperchar a camisa, para non o molestar; ou en abrir o caixón dos calcetins. E xa me ten pasado preferir vestir-me con roupa suorosa de varios dias, por non inquietar o sono daquel home triste, solitário e silencioso que vivia no armario do meu cuarto.

Pero tamén había dias que ao abrir eu o armario el non estaba. E era como se simplemente non existise, o home triste, solitário e silencioso. E esos días era-me estraño ver a sombra baleira.

A última vez fiquei duas horas mirando o interior do armário, aguardando a ver se volvia, e pensando na miña nai, e nun olor, e na profundidade das mans, e nas cores dos lagartos mortos, grises cando morren, azuis cando os matan, e nas últimas palabras que pronunciara o dia anterior, e nunha cama sen sabas, e nunha illa con forma de culler, e nun camiño que subia aos meus ollos, e no cigarro do conductor do autobus, e na luz eléctrica, e en nomes de povos, cidades e países, e no ruído do meu cerebro, e asi.

E mirei a sombra baleira de diante dos meus ollos e moi de vagar, era 25 de Febreiro, fun eu e metin-me e acurrunchei-me contra o fondo do armario, quencido pola roupa de inverno; lá, algodón.

E fun eu fechando os ollos e por fin tamén as portas do armario, e aqui aniñei, no meu novo fogar.

O outro home triste, solitário e silencioso..., non sei que será del.

Só de cando en vez alguén abre as portas do meu armario e saca unha camisa ou uns calcetins. E aínda que eu abro moito os ollos, nunca chego a recoñecer o seu rosto, unha sombra.

Era-se uma vez um empregado de funerária. Levava sendo o condutor do carro dos mortos muitos, muitos anos. O carro era prateado e reluzente, e tinha uma grande urna de vidro transparente. Todo o mundo viu sempre aquele homem afligido e triste, e porque diziam que trazia má sorte, quase não tinha amigos.

Pois aconteceu que um dia que transportava um morto -nenhum em especial- o condutor do automóvel dos mortos viu-se no espelho retrovisor mais triste do que nunca; quase tanto como o defunto de atrás. E eu aqui passeando a morte, um seu servente... acabou-se! -Disse-se. Assim que como do que mais gostava na vida era dos peixes de cores e do mar, depois de descarregar o morto no cemitério e apanhar os aforros no banco, foi a uma tenda de animais e transformou a grande urna de cristal do coche fúnebre nun gigantesco aquário multicor e cheio de vida, a de milhares de peixes tropicais.

E lançou-se a viajar com aquele extravagante auto de cidade em cidade, de país em país. E todo o mundo viu-o sempre feliz e contente e, apesar de que havia pessoas que olhavam a sua imensa felicidade com certa inveja, fez grandes amigos e inclusive alguma criança chegou a dizer que de maior queria ser como aquele homem que levava a alegria na cara e o mar no automóvel.

## XIII

Asi que chego e entro asubiando no supermercado e non sei en que irei pensando, pero collo duas cocacolas e a barra de pan, vexo-me as mans con fariña, e penso que me falta algho por comprar, entónescoito Que querias?, e é a señora da fruteria e vou e digho Un quilo de Patrísias, e miro as letras en inghlés das cocacolas e dou-me conta de que me equivoquei de palabra, que verghonsa, en que estarei pensando.

Pero non, a muller, moi séria, dá media volta e enche a bolsa e pesa un quilo e sen ghramos e di-me Ghrásias. A miña man colle a bolsa e é como se o mundo fose outro; ou toleei. Non me pudo mover. Estou paralisado. Hai un pouco eu crio que o teu nome era Patrísia e aghora o sentido da vida di que te chamas Plátano. Unha señora ghorda achegha-se e preghunta-me se me encontro ben. Digho que non, señora, a vida é demasiado complicada e, atormentado, poño-me na cola para paghar.

## XIV

### Água sexual

Como un rio  
e unha pedra mollada  
as árbores e as aves  
e os teus ollos falan  
e a area e as águas  
e as águas e as águas  
e a luz mollando  
abre a terra e a carne  
e as mans e as pernas  
e lavas-te e lavas-me e lábios  
e o ruído da água adentro de ti  
como un rio baixa  
e as mans e as pernas  
e as árbores e as aves  
e ardes  
e orvallos e chuvias  
adentro de ti  
e a boca aberta e mallas  
e abrazas  
e abres o peito e tremes  
e moves os ollos  
adentro dos ollos fechados  
ou casas fechadas  
e abres as pernas  
e as mans e as casas  
e apertas  
e parece que rompes

como unha égua caendo  
e parece que empezas  
    a romper os ruídos na boca  
e a deitar a agua por fóra  
    e o vento  
e a forza dos corpos  
    e abres os ollos  
e ves  
    e abres a boca  
e non podes falar  
    e abres máis os ollos  
e parece que rompes  
    e parece que me rompes.

A Bukowsky, como a min, gostaba-lle facé-lo na ducha.  
Acabo de ler un poema seu  
con moitas palabras obscenas como cona e carallo  
e cheo, cheo de amor  
e agua.

Neruda comezou escrebendo poemas de amor  
e escrebeu e escrebeu  
até ter a sorte de conseguir a sua propia illa  
para facé-lo,  
o amor.

En Isla Negra escribia cousas con moito mar e escuma  
por dentro das mulleres.

Jim Morrison tamen escrebeu poemas de amor e de sexo,  
Jim drugs, sex & rock'n roll,  
debeu facer do amor unha drogo-dependéncia,  
nalgúnha canción dá a impresión de el ter moito medo,  
de pedir por favor non ficar só,  
como temendo: «Se deixas de bicar-me, morro».

Derek Walcott escrebe moi ben sobre o amor  
e transmite unha pacífica luxúria;  
di cousas como baía,  
a meixela de Anne Danniels,  
Ouh Beleza, es a luz do mundo,  
liberdade,  
ou Tiña o peito dela para repousar,  
o resto era História.

En canto ao amor

vai mais alá:  
Nalgun lugar se recolleu unha pequena colleita  
de cadáveres nun camión.

## XVI


Perder-te no mercado das frutas en Shangai,  
buscar-te na feira das flores en Santiago de Chile  
e dar contigo no mercado dos paxaros en Trindade e

[Tobago

## A Illa da Resignación

Compramos un carrete de fotos  
en branco e negro  
e levei-te ás aforas. A onde imos?,  
preguntabas, e eu: Mais alá, é  
unha sorpresa. Pasamos  
fronte esa pintada,  
Traballo para a Mocidade,  
da que Ernesto diria que é como  
un deses ovos da tristeza que as aves poñen no vento,  
e eu pensei Boa tatuaxe  
para o cu do Presidente,  
e recordei os parados franceses  
incendiando o edificio da Bolsa,  
e Galiza, cismeい,  
á deriva, galeguiños.  
Cynthia, dixen, hoxe soñei  
con alegres manifestacións multitudinárias:  
a xente abandonara a Illa da Resignación,  
e seguimos andando;  
ti dixeches Un día destes tes que  
sacar-me unhas fotos co corpiño branco  
e eu sorrin, as tuas  
tetas, xa sabes, pequenas nas mans  
pero grandes na boca, son miñas.  
O caso é que chegamos -mira-  
onde o póster do Circo Atlántide  
e puxen-me diante das fauces

do tabeirón branco  
de case tres metros mirando-te  
coa miña ollada perigosa de James Dean,  
xa sabes, como traendo aos ollos  
o lado mais besta da vida,  
e ti dixeches Parecemos nenos  
xogando, e disparaches, clic;  
eu ás veces sei que me les o pensamento, muller,  
como nun libro que estás escrebendo.



## XVIII

### Habia que escapar

Si, de mouras falaba-se. Mira, aí no rio habia unha que lle dician Desinda, Desinda era, si. E non sei que, que encantaba os homes, que os desaparecia; e disque aí, contra a parte de Santa Mariña, que Desinda viña co arco íris. Aí!, e do arco íris teño eu unha historia, o demo me neve, que me acordei o martes vendo a televisión, un documental sobre ciencia e os raios ultra-violetas. Pois, sabes, o arco íris dicia-se que abrasaba, que queima con todo por onde pasa, sabes, como plantar lume, un incendio, un inferno, fóra almas. Pois meu pai tiña-lle moito medo ao arco íris. Mais ben terror. Recordo cando nena. Meu pai tiña-lle pánico. Teño aquí a primeira vez que vin o arco íris: na memoria. E nos ollos. Era eu nena. Eu estaba ás amoras debaixo dunha chuvia miúda e de pronto aparece o arco íris nunha braña e aparece meu pai correndo con mamai da man e colle-me no colo e a correr os tres para o rio. E meu pai: Se nos toca, abrasa-nos. E ouveaba: Se vén contra nós, metemo-nos no rio, que nos abrasa. Habia que escapar. E quedamos os tres deitados na herba mollada, esperando, perdidos de medo, polo do lume do arco íris. E papá dicia-lle polo baixo a mamai, pero eu escoitaba: As luces do arco íris matan. Se nos tocan, chamizan-nos. E así estivemos na beira do rio unha hora e media ou mais, até que o arco íris desapareceu e pudemos respirar. Ainda ben me acordo daquel arco íris. Eu case non tiña sentido. Sei que nen lle sabia chamar ás cores polos nomes. Sabia azul, verde e pouco mais. E moito medo, moitiño pasei. E, sabes, para min era un medo novo, como

un medo que acababa de nacer, pero, o demo me neve, mais grande era o medo de meu pai, como un medo de mil homes. Claro que tamén non eran os tempos de hoxe. Tamén non. E xa ves como era antes o mundo.

De súpeto, Adriano encontrou-se cun poema na seguinte páxina do xornal. El por gosto só lia novelas de Verne e de Salgari e cousas polo estilo. Como había moito que non lia nun poema animou-se a le-lo, a ver. Leu no pé dos versos o nome do autor e non lle soaba. A ver se é un poema de amor, hai moito tempo que non leo un. Buscou o primeiro verso. A ver. Adentrou-se. Ahá, fala da vida. Ahá, e do tempo, moi ben. E da esperanza de buscar unha luz. O poema tiña trinta e dous versos e Adriano sorria de satisfacción á altura da metade. Un poema construtivo, un poema vital de intentar vivir con alegria. E ademais é un poema moi ben elaborado, pensou, a ver.

Pero no verso vinte e dous supetamente Adriano perdeu o sorriso compracido e adoptou un aceno de sería sorpresa. Xuntou o entrecello. Sindicatos. Pensou Acabo de encontrar a palabra Sindicatos neste poema vital e estou desorientado. Sindicatos, pronunciou en voz alta. O peso da incertidume entornou-lle un pouco os ollos. Pensou a palabra. A palabra Sindicatos, que raro, umm... Política nun poema, nun poema precioso sobre a vida, a palabra Sindicatos, umm, a ver. Adriano volvveu a ler os versos que envolvian a palabra. Comezou a ler outra vez o poema ata Sindicatos, e despois de Sindicatos en diante. Logo quixo ler o poema enteiro de vez procurando non deter-se na palabra, pero a palabra retivo-o. Umm, que estranxo, o poema di abrazo, di alegria, e ser humano, e de repente Sindicatos. Umm, non podo imaxinar unha manifestación con toda esa xente berrando dentro deste poema, pensou. Aqui Sindicatos debe querer dicir

outra cousa, ehem... Estaba nervoso e foi buscar a palabra ao dicionario.

Asociación pola defensa dos intereses dos traballadores, fundamentalmente perante o patronato. Aquela definición borrou da imaxinación de Adriano as voces da manifestación. Umm, isto é importante, pode referir -se a unha abstracción, algo con outro sentido, as palabras teñen vida propia, umm... Defensa dos traballadores. Adriano leu rapidamente o poema, freando un pouco en Sindicatos. Non entendia moi ben aquela situación. O poema encanta-me. Releu os versos várias veces. Recordou Pero unha vez escoitei-lle dicir a un escritor con barba algo asi como que non se podia misturar a política coa literatura, umm, e nen Verne nem Salgari falan nunca de política, penso. Entón Adriano volveu sorrir. Adriano recortou con coidado o poema da páxina do xornal e gardou-no na carteira debaixo da foto de Patrícia. Teño que ler mais, pensou.

## A néboa da Resignación

*El mundo que queremos es uno  
en donde quepan muchos mundos*

(Subcomandante Marcos)

Todo o tempo do mundo para escreber  
poemas: estou no paro, como todos  
os meus colegas menos tres:  
o que tivo sorte, a que emigrou

e o que levaba en segredo a sua  
afiliación ao poder. Mido o tempo  
coa velocidade das sombras  
mentres espero e des espero e

des humana a vida e o tempo esgaza-me  
o futuro, a búsola, os camiños,  
o tendón, o trilce e o carpe diem

e afogo na néboa da Resignación.  
Cómpre saír á rua, Galiza, e avanzar  
en rio, a suma de esforzos humana vida todos.

## XXI

### Poema polea

polea pedra casa  
levantamos  
e raíces terra árbores  
levantas,  
água força de rios  
somos perdurábel;  
andamos caemos  
camiños liberdade  
e ti podes ser  
o teu próprio heroe:  
ao soñar a palavra  
iluminas o mundo;  
somos nós e nosoutros  
e luz erguemos,  
somos de água de pedra  
de terra somos,  
temos cordas bágoas  
andámios de entusiasmo,  
língua palavras  
poleas de amor  
de liberdade,  
somos temos  
traemos luz interminábel.

## XXII

### Setembro

Amigo Ernesto: Ola e gráncias outra vez por me levar  
con vós á vendima. Aprendin a traballar co lombo  
e a buscar no aire as palabras  
que non veñen escritas.

Félix marchou a Irlanda; enviou-me un postal  
cunha foto de Joyce, pero ainda non sei se volveu á casa.  
Sorprendo-me pensando que son el en Dublin,  
entrando ou saindo dun supermercado ou dun prado.

Cando escrebas, recomenda-me un libro; conta-me  
como che afectou a neve e como ves ti aí  
o problema dos gandeiros. Que vida ten a palabra  
Sindicatos nas Somozas?

E agora que o penso, non ias ir a Andalucia  
recoller a oliva?, ou xa estás alá, lonxe,  
ti tamén? Eu sinto-me só, catapulta,

Patrícia regalou-me uns prismáticos e  
polo demais poucas cousas novas. Rutina.  
Hoxe Ousland acabou de atravesar a pé

o Polo Norte e agora eu queria, durante  
unha hora, imaxinar que son el durante os seus  
64 días. Quero-te, un bico, e aí vai  
esa aperta que ainda nunca nos demos.

## XXIII

### Eue

Setembro foi o noso mes de vendima no Ribeiro:  
Ernesto, Félix e eu, tres mozos no val dos octoxenários,  
fixemos-lles o viño á Nieves de Vieite, a 5 mil ptas  
o dia,  
e mais ao Benito, o vello do marcapasos de ouro:

Vendimar, carregar, machucar, encher os pipotes.  
E á noite en cas Carmiña ouvíamos histórias da Guerra  
-o dia que agochou unha pistola no peito-, contos  
do lobo e as palabras eue, puzo, caravel, ántese.

Logo conseguimos traballo en Beade, nas viñas dos Rei,  
indianos: traballo durísimo nas cepas e histórias  
de Venezuela, de máfias políticas e risos á hora do xantar.  
O nome da adega era Socalcos, indústria familiar.

Mentres acarrexo as uvas ao tractor, gosto de escutar  
as vendimadoras -rapazas novas con sucre na língua-  
falando da perruqueria, dos segredos do sexo,  
ou de se eu debo ser algo tímido, porque falo pouco.

De súpeto, un dia descobres que o máximo esforzo  
che duplicou o músculo. Pensas: os meus brazos  
semellan doutro. Vas beber á fonte, se non mira o patrón.  
Dás en pensar: Cales serán as porcentaxes da mocidade en  
paro?

Acaba a vendima, deixo Ourense, volto á casa  
de meus pais, á cidade, á Biblioteca, ao bus urbano,  
ao paro, á contemplación. Pasan os meses. Mesmo  
vou a un concurso da TV. Recupero os brazos de antes.

Eu de Lucia comezaba a estar un pouco namorado.  
Ela tamén comezaba a amar-me.  
Era así.

Tamén me gostaba deitar-me con ela  
pola forma violenta dos seus sis. Pero  
un dia descubrín que entraba nos meus soños.  
Foi o último dia. Esa mañá  
dei cos seus ollos

mollados  
deitando  
tristeza  
nos meus.

Falou:  
Covarde,  
non puideches evitar que me comese o tigre.  
E a mediodía abandonou-me,  
Lucia, a que entraba nos meus soños.

-Oito fotos carné... Trescentas. Grácias.

O xove Adriano ollou unha en saindo do establecemento e viu que non eran as suas, senón as dun señor de sesenta ou setenta anos. Así que deu media volta e entrou no mesmo establecemento para reparar o equívoco, pero agora era un Banco, e recolleu o bastón esquecido no paragüeiro e tusiu.

*Fronte á pretensión da ideoloxía dominante de lexitimar a orde social existente, presentándoa como «o normal» e como garantía de paz social, hai que tomar conciencia de que a organización social non é harmónica nin pacífica nin solidaria. E isto debe ser o arranque dun compromiso de denuncia e participación na transformación social. Neste sentido, non se debe aceptar a perspectiva do consenso como a única posible e hai que valorar tamén a perspectiva do conflicto como dinamizador e coma fonte de movementos sociais reivindicativos (de clase, raza sexo...). Non esquezamos que, como nos di Kant, se o ser humano ten que cumplir coas leis é porque ten capacidade de facelas.*

(Xosé Calviño Pueyo)



Este libro rematouse  
de imprimir nos talleres de Litosprint  
cando se facían 78 anos  
da primeira asemblea das  
Irmandades da Fala



A forza que me leva adiante -inxerto no traballo e no falar- na busca do ouro do amor, da prata das ideas e da liberdade, é a forza de Ninguén, de Todos, de Cada Un. Facer dun paso unha odisea. Morrer a cada paso e a cada paso renacer no proxecto da lebre, do entusiasmo, da libélula, da palabra e do ben comun. Os soños da vida fortalecen a vida. E eu sei que o home que soña é un home libre.

Creo na educación, transforma as persoas. E penso que a literatura pode transformar as vidas, como as viaxes, os libros de historia, unha búsola ou a TV. Eu seria outro sen Kafka, sen Mayombe, sen César Vallejo, sen Bartleby... Es poeta como es persoa, cidadán, amante ou camiñante; din que hai poetas decoradores e poetas floristas: inútiles, non me interesan. Co meu amore, cos meus rios e culleres, cos meus Entusiasmo e Tristeza estou contra a Resignación e a enfermidade da Melancolia e reclamo humanidade e reclamo compromiso. A luz consiste en comprender e avanzar. Tal como eu o vexo, hai duas posibilidades: construír ou non construír. Un amor, unha casa, un país, unha odisea.

Por tanto tamén eu reclamo a liberdade para o meu pobo. E soño e agardo un futuro no que os nenos e nenas de Galiza pinten e escriban en galego os seus corazóns de amor nos asentos dos autobuses, nos peitos das árbores e nos muros das cidades. Porque se non chega a ser asi, será que deixaremos de existir.

